

## ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ORAL

Nestas sesións houbo un apoio do persoal de APAMP. Como xa indicamos anteriormente, acompañounos unha logopeda dous luns ao mes, en semanas alternas.

Os luns dende as 11:00 ata as 11:50 ten lugar a clase de expresión oral, onde hai que restar uns minutos que é cando os nenos e nenas toman a merenda, momento que tamén foi aproveitado para traballar o proceso de deglución de Adrián.

A profesional de APAMP proporcionounos indicacións sobre programas para transformar a linguaxe escrita en voz, como o **Balabolka**.

A finalidade deste programa é dotar de maior autonomía ao alumno, así como mellorar a súa memoria auditiva en outras materias.

Para acceder aos documentos hai que empregar o Grid 3, e iniciar o Balabolka. Deste xeito o alumno pode controlar a lectura, pausar, e continuar a lectura.

### • MATERIAIS EMPREGADOS NAS SESIÓNS:

Tablet

Grid 3

Balabolka

Textos orais.

Textos escritos.

### • ACTIVIDADES ADAPTADAS:

#### 1. Disertación oral en galego ou castelán sobre un tema elixido polo alumno.

Tema elixido: O Nadal en Vigo.



## 2. Participación nunha obra de teatro traballado en pequeno grupo (4 ou 5 nenos-as), donde cada neno ten o seu papel.

Ao longo do curso os nenos e nenas van levar a cabo a representación dunhas pequena obra de teatro na aula, a primeira foi “**Sana competencia**”, e despois fixeron catro obras máis “**Aceptando ser diferente**”, “**Lecciones de compañerismo**” e “**Los amigos no traicionan**”


Os papeis repartense, e Adrián ten o papel de narrador.

Todos os nenos e nenas escriben a súa parte, a ordenador ou a man, e memorizana pouco a pouco. Adrián emprega a súa tablet para escribir as súas frases.

Nas seguintes sesións os nenos e nenas ensaian a obra de teatro.

Con Adrián empregamos o **Balabolka** para facer esta actividade. Anexamos o documento word coas súas frases de narrador ao programa, e deste xeito ten a autonomía necesaria para facer as súas intervencións cando sexa necesario.

Os compañeiros estaban encantados con esta mellora, e tiveron unha experiencia moi boa.



### **3. Lecturas de textos narrativos.**

Tamén se traballan moitas lecturas de textos narrativos, así como libros de lectura en lingua galega e lingua castelá. O alumno segue a lectura e esta mesma transcríbese en word para que poida empregala co Balabolka, e tamén participar nas lecturas de aula.